

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14829 *Real decreto 1462/2009, do 18 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 641/2009, do 17 de abril, polo que se regulan os procesos de control de dopaxe e os laboratorios de análise autorizados, e polo que se establecen medidas complementarias de prevención da dopaxe e de protección da saúde no deporte.*

A cidade de Madrid, capital do Reino de España, xunto co Comité Olímpico Español, é candidata para organizar os Xogos da XXXI Olimpíada no ano 2016. Unha candidatura apoiada por todas as institucións do Estado que uniron os seus esforzos para convertela nun motivo de orgullo para o noso país e para todo o mundo. Neste sentido, o Goberno de España aprobou no seu día as correspondentes garantías exixidas á candidatura para poder ser sede dos xogos.

Entre as garantías do Estado para a candidatura de Madrid 2016, a 12.15 asegura textualmente que «O Goberno de España garante que, en caso de que Madrid sexa nomeada cidade anfitroia dos Xogos da XXXI Olimpíada en 2016, instará os procedementos oportunos e adoptará as iniciativas lexislativas apropiadas para que (...) (ii) no caso de que a normativa antidopaxe española no momento da celebración dos Xogos entrase en conflito co Código Mundial Antidopaxe e a normativa antidopaxe do Comité Olímpico Internacional vixentes nese momento, de acordo co establecido no punto (i) anterior, a lexislación aplicable sexa a do Código Mundial Antidopaxe e a normativa antidopaxe do Comité Olímpico Internacional». Esta garantía aprobouse plenamente de acordo coa normativa vixente.

En maio de 2009, a Comisión de Avaliación 2016 do Comité Olímpico Internacional visitou a cidade de Madrid para coñecer in situ o proxecto da candidatura. A raíz dunha pregunta da Comisión sobre a adaptación ao Código Mundial Antidopaxe do Real decreto 641/2009, do 17 de abril, no relativo á dispoñibilidade dos deportistas para os controis, o Consello Superior de Deportes de España enviou, con posterioridade, as pertinentes aclaracións. Con data do 28 de agosto de 2009, a Axencia Mundial Antidopaxe (AMA) incluíu as autoridades deportivas españolas no grupo das que cumpren totalmente o Código Mundial Antidopaxe e as autoridades antidopaxe españolas no selecto grupo de países que dispoñen e executan un programa de controis antidopaxe fóra de competición.

Non obstante, logo da publicación do informe da Comisión de Avaliación do Comité Olímpico Internacional o día 2 de setembro de 2009, considérase oportuno solucionar definitivamente as dúbidas suscitadas en todo o relativo á dispoñibilidade dos deportistas para os controis co fin de reforzar a Candidatura de Madrid 2016. Para iso, por medio deste real decreto modifícanse os correspondentes artigos do Real decreto 641/2009, do 17 de abril, co obxectivo de aclaralos totalmente de conformidade co informe da Comisión. Neste sentido, a franxa horaria para a localización dos deportistas axustarase ao disposto na normativa internacional antidopaxe e, en especial, no Código Mundial Antidopaxe e as súas normas de desenvolvemento, é dicir, entre as seis da mañá e as once da noite.

Todo iso, sen prexuízo do compromiso do Goberno de España de impulsar as adaptacións e actualizacións necesarias como consecuencia desta modificación, en permanente diálogo cos axentes internacionais implicados na loita contra a dopaxe no deporte, para manter España como país á cabeza na loita contra a dopaxe.

Na súa virtude, e por proposta do ministro de Xustiza por suplencia da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de setembro de 2009,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 641/2009, do 17 de abril, polo que se regulan os procesos de control de dopaxe e os laboratorios de análise autorizados e se establecen medidas complementarias de prevención da dopaxe e de protección da saúde no deporte.*

1. Modifícase o punto primeiro do artigo 47 do Real decreto 641/2009, do 17 de abril, cuxa redacción queda establecida nos seguintes termos:

«De conformidade coa normativa internacional antidopaxe e, en especial, co Código Mundial Antidopaxe e as súas normas de desenvolvemento, os controis de dopaxe fóra de competición e os controis de saúde que non se xustifiquen por causas médicas, incluídas todas as relacionadas coa antidopaxe, realizaranse na franxa horaria comprendida entre as seis da mañá e as once da noite.

Para facilitar o descanso nocturno do deportista, fóra da franxa horaria determinada no parágrafo anterior non se deberán realizar controis de dopaxe fóra de competición nin controis de saúde que non se xustifiquen por causas médicas, incluídas todas as relacionadas coa antidopaxe».

2. Modifícase a letra a) do artigo 48.2 do Real decreto 641/2009, do 17 de abril, cuxa redacción queda establecida nos seguintes termos:

«Salvo disposición en contra para tal efecto nas normas da Federación Internacional ou do organismo antidopaxe en cuestión, un control en competición é aquel ao cal se somete un determinado deportista no marco ou con ocasión dunha competición».

3. Modifícase a definición do termo «Control en competición» do anexo «Definicións» do Real decreto 641/2009, do 17 de abril, cuxa redacción queda establecida nos seguintes termos:

«Salvo disposición en contra para tal efecto nas normas da Federación Internacional ou do organismo antidopaxe en cuestión, un control en competición é aquel ao cal se somete un determinado deportista no marco dunha competición, é dicir, desde 12 horas antes de se celebrar unha competición en que o deportista teña previsto participar ata o final desa competición e o proceso de recolla de mostras relacionado con ela».

4. Suprímese a definición do termo «Horas de descanso nocturno» do anexo «Definicións» do Real decreto 641/2009, do 17 de abril.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de setembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
por suplencia (Real decreto 1459/2009, do 17 de setembro),
o ministro de Xustiza,
FRANCISCO CAAMAÑO DOMÍNGUEZ